



BASES DECORA A TÚA BICI OU PATINETE DE NADAL 2021

Como cada nadal, dende fai uns anos, imos realizar a campaña de decora a túa bici ou patinete de nadal dende o departamento de Educación Vial no Concello de Narón.

Para proceder a elo contamos con: CEIP A Solaina, CEIP Virxe do Mar, CEIP Piñeiros, CEIP A Gándara, CPR Santiago Apóstol, CPR Jorge Juan, CPI Feal, CEIP Ayala, CRA O Val e CEIP Ponte de Xubia.

A campaña comeza o día 01/12/2021 até o 21/12/2021 (ambos inclusive).

Poderán participar todos aqueles escolares matriculados nos centros (infantil, primaria, secundaria).

PROCEDIMENTO

Para poder participar na liga todos os nenos e nenas deberán acudir ao centro escolar en bicicleta ou patinete decorado de nadal.

Para poder participar con dereito a premio deberase mandar unha foto **na entrada do colexio** da bici ou patín decorados de nadal ao correo do departamento de Educación Vial (seguridadevial@naron.es), só entrarán na participación con dito premio todos aqueles que mandan a respectiva foto a ese correo, todos os que a envíen levarán un regalo.

En dito correo deberá constar o nome e apellido da/o nena/o a participar, o centro escolar e o curso.